

SARABELA teatro



COSMAMA

SARABELA TEATRO
presenta

CÓSIMA

de Cris Baldwin

En **SARABELA TEATRO** eliximos sempre un repertorio de **Teatro para a Infancia e Mocidade** buscando a cualidade e o axeitamento aos espectadores que cremos máis hai que nutrir e coidar.

Propoñemos como novo espectáculo: **CÓSIMA de Cris Baldwin**; con tradución de **Nate Borrajo**; interpretación de **Fernando Dacosta, Elena Seijo, Sabela Gago e Tito Asorey**; iluminación de **Suso Díaz**; escenografía de **Alberte Bahón**; deseño de vestuario de **Ruth Díaz Pereira**; son de **Yuri Sidar**; distribución de **Fina Calleja** e dirección de **Ánxeles Cuña Bóveda**

Esperamos que espectadores cativos e maiores goñen cando entren en contacto coa maxia dos actores e actrices, do vestuario, da escenografía, a luz e o son, porque na **Compañía** coidamos moito os aspectos artísticos para emprender aventuras cara a emoción única que o teatro pode proporcionar.

Van atopar un mundo onde existe unha certa tensión, un dinamismo vivo que vai captar con facilidade o seu interese porque se presenta unha posta en escena activa, atraiñte e enriquecedora.

Os motivos que nos impulsan a levar a cabo este proxecto teñen que ver coa visión do mundo que desexamos propor aos nenos e nenas, mozos e mozas, a través de personaxes e situacións que estean preto deles e das formas de relacionarse co contorno social, afectivo e natural que teñen ao seu redor.

Buscamos un modelo afectivo doado de trasladar á vida real. Queremos establecer un diálogo de ficción, introducindo tamén elementos maravillosos.

CÓSIMA marcha a vivir a unha árbore -*metáfora de liberación*- fuxindo dun pai autoritario e distante. No seu refuxio, a nena segue comunicándose coa súa nai, a pesar da oposición do pai, grazas a unha linguaxe de signos que inventan entre elas; ademais, recibe as visitas dunha amiga que lle leva a comida e do seu amigo Papagueno, coidador de paxaros. Ao final a nena convida ao pai a subir á árbore, o que nos amosa a transformación que se produciu nela trala viaxe iniciática que supuxo a fuga.

O espectáculo, como di **Ana Llorente**, é un fermoso canto á liberdade de expresión, a saber escoitar, a sentirmonos libres para tomar as nosas decisións e a reivindicar o noso espazo e o noso berro.

ELENCO:

Fernando Dacosta

Elena Seijo

Sabela Gago

Tito Asorey

Música en directo: Yuri Sidar

REPARTO ARTÍSTICO E TÉCNICO:

Escenografía. Alberte Bahón

Iluminación. Suso Díaz

Vestuario. Ruth Díaz Pereira

Tradución. Nate Borrajo

Dirección. ÁNXELES CUÑA BÓVEDA

